

## NOITE DE NADAL

Ese, ese é o verdadeiro espírito do Nadal. Algunha vez saíches á pasear pola rúa unha noiteboa? Unha noitevella? Unha....noite de reis? Ese sentimento que tes ao mirar todo cuberto por unha manta feita de branca neve. Ese sentimento que produce ver a túa cidade engalanada con fermosas luces que iluminan ata o máis agochado recuncho deixando admirar os bonecos de neve feitos polos nenos e as árbores de Nadal que os non tan nenos puxeron poucos días antes. Ese sentimento que produce escoitar as risas dos cativos nos comedores das casas, estando coas súas familias gozando desas datas que permiten a un comer ata non poder máis, deitarse tan tarde como a noite o permita e sobre todo, mirar os ollos cheos de ilusión que teñen os meniños esperando a visita desa persoa que encherá os fogares de regalos. Ese sentimento é o que chamamos felicidade.

Chenoa Tomé - 3ºB